

AICLE

A **Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras** (AICLE; en inglés *Content and Language Integrated Learning*, CLIL) é sinónimo de inmersión lingüística. É un termo creado en 1994 por David Marsh para describir unha corrente da lingüística aplicada que propugna que nos contextos escolares existe un maior éxito na aprendizaxe das linguas estranxeiras através das materias comúns, como a historia, a educación física ou as ciencias, que, por medio dos currículos funcionais, que tratan dunha maneira illada e en situacións forzadas ou inventadas, como materias independentes. A investigación neste campo demostrou tamén que o multilingüismo na escola, aproveitando os recursos, estratexias e destrezas que desenvolve o alumno cando aprende unha lingua ou materia, através dos currículos integrados das linguas e áreas non lingüísticas, contribúe de maneira eficaz ao desenvolvemento dunha competencia comunicativa en linguas que optimiza e facilita as aprendizaxes posteriores.

O enfoque AICLE baséase en dous alicerces:

1. A motivación na aprendizaxe é intrínseca, xa que rapidamente o alumno atopa a utilidade no obxecto da aprendizaxe.
2. A lingua é auténtica, en situacións reais e non forzadas.

Identificación da unidade didáctica

TÍTULO Alternative Sports: Ultimate Frisbee

NIVEL LINGÜÍSTICO SEGÚN MCER A2

IDIOMA Inglés

ÁREA / MATERIA Educación Física

BLOQUE TEMÁTICO Xogos e deportes.

CORRESPONDENCIA CURRICULAR 2º da ESO

TEMPORALIZACIÓN APROXIMADA 7 – 8 sesións

GUIÓN TEMÁTICO As actividades, xogos e deportes alternativos - recreativos individuais e colectivos aplicando os fundamentos regulamentarios técnicos e tácticos do ultimate, supoñen unha forma de mellorar a saúde, ademais de aspectos moi importantes como a aceptación do propio nivel de execución e disposición, así como o respecto e aceptación das regras, cooperación, tolerancia e o autocontrol ante as situacións propias da actividade física.

FORMATO Material didáctico en formato PDF

AUTORÍA Antón Torres Outón

COMPETENCIAS BÁSICAS

- a) Competencia no coñecimento e na interacción co mundo físico.
- b) Competencia en comunicación lingüística oral na lingua inglesa.
- c) Tratamento da información e competencia dixital.
- d) Competencia e actitudes para seguir aprendendo de forma autónoma.

OBSERVACIÓNS

Só se utilizarán as tecnoloxías da información e da comunicación na totalidade do tempo dedicado á primeira sesión da unidade didáctica e parcialmente na última sesión para a avaliación dos coñecimentos adquiridos.

Táboa de programación

OBJETIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e realizar a actividade deportiva e recreativa individual do prato voador (frisbee) e colectiva do “Ultimate”, aplicando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións de xogo e con progresiva autonomía na súa execución.
- Pór de manifesto habilidades e actitudes sociais de respecto, de traballo en equipo e de deportividade na participación en actividades relacionadas, co xogo do “frisbee” e do deporte alternativo do “Ultimate”, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade.
- escoitar e comprender información específica oral en lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas da unidade didáctica do deporte alternativo do “Ultimate”, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
- Comunicarse oralmente en lingua inglesa nas situacións habituais da unidade didáctica do deporte alternativo do “Ultimate” de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- Coñecer e manexar os recursos informáticos correspondentes á unidade didáctica do deporte alternativo do Ultimate, empregando ditas tecnoloxías como medio para descubrir, relacionar conceptos e autoavaliarse.

CONTIDOS DIDÁCTICOS

Educación Física:

- Execución de habilidades motrices vinculadas co deporte do “Ultimate”.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe do deporte do “Ultimate”.
- Realización de xestos técnicos básicos e identificación de elementos regulamentarios do deporte individual do “frisbee”.
- As fases do xogo no deporte colectivo do Ultimate: concepto e obxectivos.
- Realización de xogos e actividades nas que prevalezan aspectos comúns dos deportes colectivos.
- Realización de tarefas, xogadas e actividades cooperativas. Desafíos físicos cooperativos.
- Aceptación do propio nivel de execución e disposición cara á súa mellora.
- Valoración das actividades deportivas como unha forma de mellorar a saúde.
- Respecto e aceptación das regras das actividades, xogos e deporte do Ultimate.

Lingua inglesa:

- Comprensión de mensaxes sinxelas e básicas utilizadas nas actividades motrices realizadas no ensino do deporte do Ultimate.
- Comprensión de textos orais sinxelos gravados ou en diferentes soportes multimedia, conectados cos contidos ensinados através do deporte do Ultimate e apoiados con imaxes, sons e xestos.

- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación no deporte do Ultimate.
- Memorización de producións orais breves significativas, propia dos contidos ensinados no deporte do Ultimate.
- Valoración da lingua inglesa como instrumento para comunicarse.
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.

Tecnoloxías da información e a comunicación:

- Emprego das tecnoloxías da información e a comunicación como vehículo transmisor de contidos polo seu efecto motivador e polas vantaxes que supón o feito de permitir o visionado do material de apoio.

TEMÁTICA

- Orixe da práctica do “frisbee”.
- Historia dos deportes executados através do “frisbee”.
- Introducción ao deporte do “Ultimate” e ao seu regulamento.
- A técnica do lanzamento de revés e recepción do “frisbee”.
- Léxico e expresións máis comúns na práctica do “Ultimate” en lingua inglesa.
- Práctica oral en lingua inglesa do léxico e expresións orais máis comúns na práctica do deporte do “Ultimate”.

MODELOS DISCURSIVOS

- Coñecer as orixes do xogo do prato voador.
- Distinguir os distintos xogos e tipos de deportes practicados co “frisbee”.
- Diferenciar as accións técnicas máis importantes no lanzamento do “frisbee”.
- Coñecer as características e o regulamento do deporte do “Ultimate”.

TAREFAS

- Cuestionario sobre a historia do disco voador.
- Exercicios de interacción na rede sobre os deportes co “frisbee”.
- Gráficos sobre recepción e lanzamento do “frisbee”.
- Cuestionario sobre o regulamento do “Ultimate”.

CONTIDOS LINGÜÍSTICOS

Funcións:

- Dar ordes sobre posición e movemento.
- Correxir posicións.
- Avaliar a acción dun compañeiro.

Estruturas:

- Present simple.
- Imperative.

Léxico: [Click HERE to listen.](#)

- General words: *Frisbee, pair, partner, distance, forget, until.*
- Parts of the body: *Body, hand, finger, palm, wrist, arm, hip.*
- Throwing: *To throw, to grip, whole, flat, to spin, up, to fly.*
- Catching: *To catch, both, left, right, link, behind, active, below.*
- General expressions: *Little by little, sideways position, to increase the distance.*

CRITERIOS DE EVALUACIÓN

Criterios de avaliación curricular:

- Coñecer a orixe do xogo do “frisbee” e os deportes practicados co mesmo.
- Identificar e executar correctamente as principais accións técnicas do lanzamento e recepción do “frisbee”, e do deporte do “Ultimate”.
- Coñecer as normas máis relevantes do regulamento do deporte do Ultimate.
- Recoñecer o léxico e expresións orais en lingua inglesa máis utilizadas na execución do xogo do frisbee e na execución do deporte do Ultimate.
- Mostrar unha actitude participativa na práctica motriz e de respecto para os/as compañeiros/as e para as normas establecidas (fair play).

Instrumentos de avaliación curricular:

- Proba teórica dun cuestionario a realizar através de medios informáticos, sobre a técnica de lanzamento e recepción do frisbee e do regulamento do Ultimate. Representa o 25 % da nota final.
- Probas prácticas do lanzamento de revés e recepción do frisbee e do desprazamento de xogadores en Ultimate. Representa o 50 % da nota final.
- Ficheiro de rexistro actitudinal dos comportamentos positivos (traballos voluntarios, participación na clase...) ou negativos do alumnado (faltas de orde, faltas de hixiene, faltas de respecto ao material ou aos compañeiros/as, indumentaria non axeitada...). Representa o 25 % da nota final.

GUÍA DIDÁCTICA DA SESIÓN 1ª

Instalación:

- Sala de informática.

Material:

- Un ordenador por alumno/a.

Contidos teóricos a desenvolver:

- Orixes da práctica do Frisbee.
- Deportes máis populares executados através do frisbee.
- Introducción ao deporte do Ultimate e ao seu regulamento.
- A técnica do lanzamento de revés e recepción do frisbee.
- Léxico e expresións máis comúns na práctica do Ultimate en lingua inglesa.

Observacións:

- Co dobre obxectivo de propiciar unha mellor aprendizaxe e facilitar o proceso de ensinanza, aconséllase realizar esta primeira sesión en colaboración co profesorado da especialidade de lingua inglesa.

Sesión 2

A) Realización dun breve aquecemento adaptado ás características da sesión.

B) Práctica oral en lingua inglesa do léxico e expresións orais relacionadas coa iniciación ao lanzamento e recepción do “frisbee”.

Nesta primeira sesión dedicada ao ensino do lanzamento do “frisbee”, organízase a totalidade da clase en dúas liñas rectas paralelas formada por parellas de alumnos que se sitúan un fronte a outro. Esta distribución facilita ao profesor unha cómoda supervisión visual de toda a clase, permitindo facer un fácil seguimento da execución oral e motriz de cada exercicio.

Descríbense oralmente as accións máis importantes para a correcta execución tanto do lanzamento de revés como da recepción do frisbee. Primeiramente, faise a descrición oral de cada acción e seguidamente, facilítase a súa comprensión oral co reforzo para-lingüístico da xestualización ou da demostración motriz

Estas explicacións orais do profesor desenvólvense de acordo a unha lóxica progresión de menor a maior dificultade motriz do exercicio final a executar. Durante a segunda exposición oral das mensaxes do profesor, faise especial énfase no reforzo para-lingüístico das palabras clave (en negrilla).

As mensaxes-guía do profesor para o ensino e perfeccionamento do lanzamento de revés e a técnica de recepción do frisbee son os seguintes:

Individual exercises: Exercicios individuais: [Click HERE to listen.](#)

1. ***Grip the frisbee with the whole hand. The frisbee must **touch** the palm of the hand.***

Agarra o “frisbee” con toda a man. O “frisbee” debe **tocar** a palma da man.

2. ***When throwing, make the “Frisbee” **spin**.***

Cando lances, fai o frisbee **xirar sobre el mesmo** (velocidade concéntrica)

3. ***Throw the frisbee up to **yourself** and catch it again.***

Lanza o “frisbee” para arriba e a **ti mesmo** e cólleo outra vez.

4. ***Throw the frisbee up to yourself with your right hand and catch it with your left hand.***

Lanza o frisbee para arriba coa tua man dereita e cólleo coa tua man esquerda.

5. ***Throw the frisbee up to yourself with your right hand, catch it with your left hand and **link** it behind your back with your right hand.***

Lanza o “frisbee” para arriba coa tu man dereita e cólleo coa tua man esquerda e **enláza**o por detrás das tuas costas coa man dereita.

C) Iniciación ao lanzamento de revés e de recepción do “frisbee”.

Practice in pairs with a partner in a short distance [Click HERE to listen.](#)

Práctica por parellas co compañeiro/a a unha corta distancia

6. ***With your body in a **sideways** position and as if you were a robot, throw the frisbee only with the movement of your **wrist**. Remember that the frisbee must be thrown **flat**.***

Co teu corpo en posición **lateral** e como se foses un robot, lanza o frisbee somente co movemento do teu **pulso**. Lembra que o frisbee debese lanzar **plano** (horizontal).

7. *Be **active** at the moment of catching the frisbee.*

Don't wait for the Frisbee to come to you, go towards it to catch it with both hands.

Se **activo** no momento de coller o frisbee.

Non esperes que o “frisbee” veña a ti, vai ti por el para collelo con ambas mans.

8. *In the sideways position, throw the frisbee with the whole arm. Don't **forget** that the frisbee must fly spinning and flat.*

Na posición lateral, lanza o frisbee con todo o brazo. Non te **esquezas** de que o frisbee debe voar xirando e plano.

9. ***Little by little**, increase the distance between you and your partner*

*Don't increase the distance **until** you can throw the frisbee correctly.*

Pouco a pouco, aumenta a distancia entre ti e o/a teu/tua compañeiro/a.

Non aumentes a distancia **hasta** que podas lanzar correctamente.

Sesión 3

A) Realización dun breve aquecemento adaptado as características da sesión.

B) Práctica oral en lingua inglesa do léxico e expresións orais relacionadas co lanzamento e recepción do “frisbee”.

Coa clase organizada por parellas e distribuída en posición de liñas paralelas que se manteñen ao longo de toda a sesión, repítense brevemente os catro primeiros exercicios individuais da sesión anterior, a modo de repaso lingüístico específico para a práctica do frisbee.

Comunícase ao alumnado que para a repetición oral dos sucesivos exercicios motrices deben observar as seguintes premisas: [Click HERE to listen](#).

- Repetir en voz alta as mensaxes ou instrucións orais do profesor.
- *Repeat aloud the messages or instructions of the teacher.*
- Asociar as mensaxes repetidas en voz alta co seu significado.
- *Associate the messages repeated aloud with their meanings.*
- Executar simultánea e coordinadamente a repetición oral das mensaxes coa acción motriz.
- *Perform the oral repetition of the messages simultaneously and in co-ordination with the physical exercise.*

De acordo ás premisas de repetición oral citadas anteriormente, o alumnado realiza a segunda sesión de práctica do lanzamento de revés e da recepción do “frisbee” á vez que repite oralmente as seguintes mensaxes numeradas: [Click HERE to listen.](#)

Practice in pairs with your partner in a short distance

- 1. Body in a sideways position, I throw the frisbee to you flat and spinning.*
- 2. I catch the frisbee with both hands.*
- 3. I grip it strongly and I throw it flat and spinning.*
- 4. I catch it with my left hand, I pass it to my right hand behind my back and I throw it again.*

C) Perfeccionamento do lanzamento de revés e da recepción do frisbee

Para a mellora do lanzamento do revés e o aumento progresivo da distancia, cada alumno/a co seu respectivo compañeiro de xogo, conta en voz alta en inglés seis lanzamentos seguidos sen que o frisbee caia ao chan, no caso de conseguilo, valoran o exercicio co adxectivo “**excellent**” e dan dous pasos atrás á vez que exclaman en voz alta “**two steps backward**”. O exercicio continúaase contando de seis a doce, a dezaioito

e así sucesivamente para ir aumentando progresivamente a distancia entre compañeiros de xogo. O alumnado repite oralmente ata que alcance unha maior distancia, momento no que deixará de facelo por estar demasiado separados e para facilitar unha maior concentración na acción motriz.

Có obxectivo de perfeccionar a recepción do frisbee e asimesmo mellorar a competencia oral en lingua inglesa, o alumnado deberá repetir oralmente as mensaxes correspondentes aos exercicios seguintes:

*5. Catch the frisbee with your left hand, **pass** it to your right hand behind you and throw it to your partner.*

Colle o “frisbee” coa tua man esquerda, **pásao** a man dereita por detrás tua e lánzallo ao/a teu/tua compañeiro/a

*6. To catch frisbees that come **below** the hips (low catch), you must do it with the palm of your hand **up**).*

Para coller frisbees que veñen por **debaixo** dos cadrís (collida baixa), ti debes facelo coa palma das tua man **cara arriba** (mirando para arriba).

Sesión 4

A) Realización dun breve aquecemento adaptado as características da sesión.

B) Práctica oral en lingua inglesa do léxico e expresións orais relacionadas co lanzamento e recepción do frisbee.

Coa clase organizada por parellas e distribuída en posición de liñas paralelas, iníciase a sesión coa repetición oral e motriz do exercicio de aumento progresivo da distancia de lanzamento, realizado na sesión anterior.

Cunha separación dunha distancia media, repetíranse os exercicios 5 e 6 para a mellora da recepción do frisbee, repetindo simultaneamente e oralmente as seguintes mensaxes:

5. *Catch the frisbee with your left hand, **pass** it to your right hand behind you and throw it to your partner.*

Colle o “frisbee” coa tua man esquerda, **pásao** a man dereita por detrás tua e lánzallo ao/a teu/tua compañeiro/a

6. *To catch frisbees that come **below** the hips (low catch), you must do it with the palm of your hands **up**.*

Para coller “frisbees” que veñen por **debaixo** dos cadrís (collida baixa), ti debes facelo coa palma das tuas mans **cara arriba** (mirando para arriba).

C) Práctica dos desprazamentos do xogador no deporte do “Ultimate”.

O exercicio consiste en facer avanzar o frisbee pasándoo entre dous xogadores, sen que o “frisbee” caia ao chan e sen que o xogador, que ten a posesión do “frisbee”, poida andar ou correr co mesmo.

A superficie de xogo estará delimitada por dous liñas que marcan o comezo e final do desprazamento da parella en xogo, finalizando o desprazamento, unha vez que uno dos xogadores traspase a liña final coa posesión do frisbee.

É aconsellabel facer unha progresión na dificultade de execución coa velocidade do desprazamento, comezando por realizalo andando e ir aumento progresivamente a velocidade até acabar correndo a certa velocidade.

Cada vez que un xogador camiña ou corre coa posesión do “frisbee” ou o “frisbee” cae ao chan, penalizarase a ambos xogadores facendolles empezar o desprazamento de novo desde a liña inicial.

Na explicación ao alumnado do exercicio de desprazamento, e previa á demostración motriz do mesmo, o profesor exporá oralmente, por dúas veces consecutivas e simultaneamente cun manifesto reforzo xestual, o exercicio a realizar co seguinte discurso: [Click HERE to listen](#).

- *“Passing the frisbee, each pair has to cross the end line”.*
- *“The player that has the frisbee can’t walk, so, the only player that can walk or run is the player that hasn’t got the frisbee in his/her hands”.*
- *“If the frisbee falls down on the ground, the players have to start the exercise again from the beginning”.*

D) Práctica dos xogos pre-deportivos do “Ultimate”.

O xogo pre-deportivo do “Ultimate” 2x2, realizado por catro xogadores e organizados en dúas parellas de xogo, consiste en que cada parella teña a posesión do frisbee o maior tempo posible.

Para iso, o “frisbee” pasarase entre os dous xogadores da mesma parella, non podendo ter un xogador a posesión do “frisbee” por máis de 10 segundos. Obviamente a outra parella intentará facerse coa posesión do “frisbee”, non podendo facelo cando o frisbee está na man dun xogador contrario e sen contacto físico algún entre xogadores.

Se o “frisbee” cae ao chan ou o xogador que ten a posesión do “frisbee” comeza andar ou correr, a posesión do mesmo pasa a outra parella.

A superficie de xogo estará delimitada por catro liñas que formarán un cuadrado, que poderá ir aumentando o seu tamaño a medida que o alumnado vaia alcanzando unha maior destreza na execución do xogo.

A medida que a maioría do alumnado alcanzance unha maior habilidade e coñecimento das regras do xogo, e aconsellabel facer unha variante sobre o mesmo xogo aumentando o número de xogadores a 3x3 e 4x4.

Para a explicación do xogo ao alumnado, é previa á demostración motriz do mesmo, o profesor exporá oralmente, por dúas veces consecutivas e simultaneamente cun manifesto reforzo xestual, en que consiste o xogo e cales son as regras que o rixen, para o que utilizará o seguinte discurso:

Sesión 5

A) Realización dun breve aquecemento adaptado ás características da sesión.

B) Práctica de desprazamentos do xogador no deporte do “Ultimate”.

Organizado do mesmo xeito que na sesión anterior máis con unha duración máis breve, repetiranse en inglés as mesmas normas de xogo pero só unha vez.

- *“Passing the frisbee, each pair has to cross the end line”.*
- *“The player that has the frisbee can’t walk, so, the only player that can walk or run is the player that hasn’t got the frisbee in his/her hands”.*
- *“If the frisbee falls down on the ground, the players have to start the exercise again from the beginning”.*

C) Práctica do xogo pre-deportivo do “Ultimate”.

Organizado do mesmo xeito que na sesión anterior pero con unha maior duración, a variante de 4x4 repetirase nas mesmas condicións, máis con unha so repetición en inglés das catro regras de xogo: [Click HERE to listen](#).

- *Rule one: “You can’t touch the player who has the frisbee”*
- *Rule two: “You can’t take the frisbee when it is in the hand of another player”*
- *Rule three: “The player that has the frisbee can’t walk”*
- *Rule four: “If one team makes the frisbee fall down, it passes to the other team”*

D) Iniciación ao deporte do “Ultimate”.

Cos xogadores organizados nos mesmos equipos que no xogo anterior, comézase unha situación de xogo real de ultimate, sinalando previamente as zonas de gol para cada equipo, á vez que se explica oralmente as condicións para anotar un tanto, farase unha simulación real acompañada da seguinte mensaxe: [Click HERE to listen](#)

- *Rule five: “To score a goal, one of the players of the attacking team, must catch the frisbee behind the goal line of the defensive team”*
- *Rule six*: “Every time the frisbee falls in the defensive area, the frisbee passes to the defensive team”*
- *Rule seven*: “The attacking player cannot pass the goal line until the frisbee is in the air”*

* Estas dúas regras non oficiais, son adaptacións do deporte do “Ultimate” ás instalacións máis habituais das que se dispoñen nos centros educativos e teñen como

obxectivo dotar o xogo dun maior dinamismo e grao de participación de todos os xogadores:

- Regra seis: A zona defensiva e a superficie correspondente a tres metros da liña de gol cara o interior da superficie de xogo.
- Regra sete: Ten como obxectivo evitar que a maioría dos xogadores se concentren na zona de gol á espera do frisbee.

Para facilitar unha correcta comprensión do regulamento do Ultimate, o/a profesor/a irá incorporando progresivamente alumnos/as espectadores/as ao xogo de tal forma que todos/as eles/as pasen pola situación real de xogo.

O desenvolvemento práctico do xogo require a súa frecuente interrupción e consecuente intervención do profesor para explicacións puntuais sobre a interpretación do regulamento. Explicacións de fácil comprensión, debido ao contexto tan específico en que se producen e que consecuentemente, demandan tamén respostas igualmente moi concretas e contextualizadas. Cada explicación oral en lingua inglesa do profesor, refórzase coa súa correspondente demostración motriz, o que contribuirá a facilitar á súa total comprensión.

Sesión 6

A) Realización dun breve aquecemento adaptado as características da sesión.

B) Práctica oral en lingua inglesa do léxico e expresións orais relacionadas coa competición do deporte do “Ultimate”.

O/a profesor/a informará que a sesión está dedicada exclusivamente á práctica do ultimate, na que os/as alumnos/as deberán auto-organizarse en catro equipos que competirán simultaneamente en dúas superficies de xogo (de ser posible) e en formato torneo.

Os/as capitáns/as de cada equipo escollidos/as entre aqueles/as alumnos/as con maior competencia oral en lingua inglesa, utilizarán exclusivamente a lingua inglesa, para elixir aos seus respectivos compañeiros/as de equipo e pactar cos/as outros/as

capitáns/as as condicións de xogo relativas á asignación de campos de xogo e emparellamento dos equipos para cada partido.

A participación do/a profesor/a na fase de organización da competición limitarase a supervisar a organización da actividade e a facilitar e controlar a utilización da lingua inglesa na interacción entre os/as capitáns/as e dos/as capitáns/as cos/coas seus/suas compañeiros/as de equipo.

Co obxectivo de facilitar a interacción oral alumno/a profesor/a e alumno/a alumno/a no desenvolvemento previo a competición, o/a profesor/a explicará o significado das seguintes palabras crave: [Click HERE to listen](#).

Team: Group

Player: Participant, competitor.

Match: Game, competition.

Court: Area where a sport is played.

Referee: Judge, arbitrator.

Foul: Something contrary to the rules of the game.

To choose: Decide, select.

To score: Achieve, make.

Goal: The point thus scored.

To win: Come first, succeed.

To draw: To make the same score.

To lose: Be beaten.

Champion: Winner.

C) Campeonato de “Ultimate”.

Comezados os partidos, debese abandonar toda intención de manter a interacción en lingua inglesa, xa que a atención do alumnado estará enteiramente focalizada no desenvolvemento do xogo, debido á gran motivación do mesmo e tamén motivado pola alta exixencia no rendimento físico.

Sesión 7

A) Avaliación teórica, que representará o 25% da nota final (2,5 puntos).

Para realizar na aula de informática segunda instrucións plasmadas na folla de avaliación do alumnado, correspondente a *worksheet: Assessment*, na que se avalian os seguintes coñecimentos:

- Técnica de lanzamento e recepción do frisbee.
- Regulamento do deporte do Ultimate.
- Léxico e expresións en lingua inglesa máis frecuentemente utilizadas nas distintas sesións das unidades didáctica.

B) Avaliación actitudinal que representará o 25% da nota final (2,5 puntos).

A realizar a través dun ficheiro de rexistro actitudinal dos comportamentos positivos (traballos voluntarios, participación na clase...) ou negativos do alumnado (faltas de orde, faltas de hixiene, faltas de respecto ao material ou aos compañeiros/as, indumentaria non axeitada...).

C) Avaliación procedimental que representará o 50% da nota final (5 puntos).

A avaliación procedimental consta de dúas probas que representan cada unha delas o 50% da nota total da parte correspondente a avaliación procedimental.

- Proba de lanzamento de revés (2,5 puntos).

Esta proba consiste no lanzamento por parte de cada alumno de 5 lanzamentos de revés a unha diana situada a 10 metros de distancia. Dita diana de cor amarela, ten una forma rectangular de 2x3 metros e unha banda central tamén rectangular de color verde de 2x1 metros, situada no centro del rectángulo amarelo de maior tamaño. Cada vez que o “frisbee” lanzado impacta no rectángulo central (máis pequeno), anotase 0,5 puntos ao xogador e 0,25 puntos en cada impacto no rectángulo maior, non puntuando todos aqueles lanzamentos que non toquen ningún dos 2 rectángulos da diana.

- Proba de desprazamento de xogadores (2,5 puntos).

Esta proba consiste en realizar desprazamentos co “frisbee” entre dou/duas xogadores/as, por un corredor de 10 metros de ancho por 25 metros de largo,

percorrendo o dito corredor desde a liña inicial de xogo á liña final, situada a 25 metros en 5 pases, sen invadir a liña de 10 metros de ancho.

Descontarase 0,5 puntos cando o frisbee caia ao chan, cando un/unha dos/as xogadores/as camiñe ou corra tendo a posesión do frisbee, ou cando un dos/as xogadores/as invade o ancho do corredor.

Aqueles/as alumnos/as que finalizen o percurso pasada a liña final sen cometer ningunha falta, obterán 2,5 puntos cada xogador.

BIBLIOGRAFÍA:

Á parte da numerosa información de doado acceso en internet, aconsellase a seguinte bibliografía:

- **Disco volador** (en castelán).

De Alberto Viroso. Editorial Gymnos. Madrid 1993.

- **Frisbee by the masters.** (en inglés)

De Charles Tips. Celestial Arts. California 1977.

- **Ultimate, fundamentals of the sport.** (en inglés)

De Irv & Tom Kennedy. Santa Barbara, California 1982.